



**DIRECCIÓN DE PROCESOS DE ENFERMARÍA DA XERENCIA DE XESTIÓN
INTEGRADA A CORUÑA**

**CONVOCATORIA DE PRAZA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A
CORUÑA PARA O PERSOAL FIXO CON PRAZA**

A Dirección de Procesos de Enfermería da XXI A Coruña

RESOLVE

A convocatoria de un posto de DUE para as CCEE HTH: ELCECTROENCEFALOGRAFÍA, conforme as seguintes

BASES:

Primeira: Características do posto que se convocan

- Denominación: **DUE CCEE HTH ELECTROENCEFALOGRAFÍA**
- Ubicación: Hospital Teresa Herrera
- Nº de postos vacantes: 1
- Quenda de traballo: FIXA MAÑA

A actividade do persoal de enfermaría na unidade de EEG implica:

1. Atención a doentes (adultos e nenos) en consultas externas- Hospital Teresa Herrera
2. Atención a doentes ingresados no Hospital Teresa Herrera, Hospital a Coruña e os restantes dependentes da área sanitaria da XXI A Coruña.

A sistemática de funcionamento da unidade consiste nun sistema de rotación semanal das dúas enfermeiras/os, de maneira que unha delas se ocupa de atender a actividade ambulatoria (consultas externas HTH) e doentes ingresados no Hospital Teresa Herrera así como restantes dependentes da área sanitaria (excepto H. A Coruña) e outra distribúe a súa xornada laboral realizando unha actividade parcial en consultas (HTH) e asistencia a doentes ingresados no Hospital A Coruña; invertíndose dita actividade na seguinte semana. Nos períodos vacacionais, o persoal de enfermaría substitúese entre si realizando actividade de consultas (axendas vacacionais) e asistencia a doentes ingresados da toda o área sanitaria.

**Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña**



PLAN FORMATIVO

- Adestramento mediante estancia ou rotación nas salas de neurofisioloxía or un tempo máximo de 1 mes.
- Electroencefalografía (bases fisiolóxicas).

Coñecementos post-formación

- Coñecemento anatómico-fisiolóxico do sistema nerviosos humano, así como das diferentes patoloxías neurolóxicas que poden aparecer.
- Coñecementos básicos de informática e destreza manual para a correcta colocación dos electrodos no lugar correspondente do coiro cabeludo.
- Protocolos, técnicas e material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial na consulta.
- Autonomía para a realización de EEGs nas diferentes unidades de hospitalización e urgencias (con desprazamento do equipo de rexistro e montaxe do mesmo no caso de asistencia obrigatoria a outros hospitais da área sanitaria).
- Capacidade para o manexo de doentes ingresados en unidades de cuidados intensivos, tanto no que se refire a doentes intubados como sometidos a craniectomías e con catéteres epicutáneos e/ou de PIC (onde os rexistros EEG realízanse utilizando principalmente eléctrodos de agulla).
- Destreza e habilidade para o manexo de nenos ingresados nas unidades de cuidados intensivos, con especial atención a aqueles ingresados na UCI de neonatos e ás condicións de manipulación do doente prematuro.
-

Segunda: A cobertura farase segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base decimosegunda da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 13/09/2018

Terceira: O criterio de adjudicación será o de antigüidade como propietario na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 13/09/2018

Xerencia de Xestión Integrada A Coruña

www.galiciasaude.es
Tel. 981 178 000
Xubias de Arriba, 84
15006 A Coruña



Cuarta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Procesos de Enfermería no prazo de 7 días naturais a contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo Profesional.

A Coruña, a 12 de Novembro de 2018

Asdo: Enrique González Rodríguez
Director de Procesos de Enfermería